

A CULPA FOI DA LINGUA [ZËNZAR]

35 ANOS DE MÚSICA EN GALEGO.

— público mozo | 90 min | música en directo | faladoiro didáctico | formato quinteto —

Contexto

A banda de rock Zënzar ven de cumprir 35 anos ininterrompidos de carreira, sendo así unha rara avis do panorama musical galego pola súa lonxevidade. Os alcumados “padriños do rock galego” están neste ano 2024 celebrando a xira “35 anos bourando” con moitas novidades, entre elas o libro “A culpa foi de Zënzar. 35 anos de rock en galego”.

A actividade

A culpa foi da lingua é unha actividade deseñada para público mozo, especialmente para alumnado de Secundaria e Bacharelato, na que converxen **música en directo e narración/faladoiro** con apoio visual e audiovisual. Está composta de dúas partes:

- faladoiro didáctico dirixido polo guitarrista Paco Cerdeira (Pakolas), o vocalista Xosé Bocixa e a baixista (e ilustradora profesional) Laura Romero.
- concerto en directo.

FALADOIRO. De Andrés do Barro a Fillas de Cassandra

O vocalista Xosé Bocixa é integrante fundador da banda. O seu discurso céntrase no percorrido de **referentes musicais** galegos desde a súa mocidade (que eran escasos) e de como o **panorama musical na nosa lingua** foi medrando década tras década. Tamén fala da importancia da amizade e da colectividade para a creación artística.

Paco Cerdeira (máis coñecido como Pakolas) achegará a súa visión como **neofalante** retornado de México, de como aprecian o galego fora das nosas fronteiras e do pioneira que foi Galicia no eido da música infantil.

Laura Romero é a máis nova do plantel de Zënzar. Leva desde o ano 2017 realizando proxectos de investigación que empregan a ilustración e o pequeno mural para visibilizar o **papel das mulleres na historia da música galega** e en galego (Músicas Galegas Ilustradas, Unha música no insti!, o libro *Ferreñas & Rock and Roll...*)



Ademais, é a autora dun libro autoeditado e ilustrado sobre a súa banda e a historia colectiva do movemento punk e contracultural que houbo (e hai) na comarca de Cerceda e arredores.

CONCERTO.

A segunda parte da actividade é un concerto dos cinco integrantes da banda. Todo o repertorio está en galego e pertence a diferentes épocas da historia da banda. O concerto está conducido polo vocalista, Xosé Bocixa.



CONTACTO

zenzarrockengalego@gmail.com
676 222 017 (Laura Romero)

LIGAZÓNS

www.zenzar.info

Instagram | TikTok | Facebook